

JURADO PROVINCIAL

DE

MONTES VECINALES EN MANO COMÚN

LUGO

En la ciudad de Lugo a diecisiete de diciembre de mil novecientos setenta y nueve, reunido el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, en la Sala de Juntas del Gobierno Civil, acordó la clasificación del monte "DE RUBIAN", como monte vecinal en mano común, a tenor de la siguiente resolución:

Visto en el día de la fecha el expediente de clasificación del monte "DE RUBIAN", expediente 48/78, del ayuntamiento de Bóveda, ha promovido a instancia de la Administración Forestal y,

RESULTANDO.- Que con fecha 31 de marzo de 1978, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, acordó iniciación y tramitación del expediente de clasificación del monte "DE RUBIAN", designando como instructor al Vcal DON DASIO CARBALLEIRA TELLA.

RESULTANDO.- Que con fecha 5 de mayo de 1978, se dió providencia por la que se da comienzo al expediente de clasificación del monte "DE RUBIAN", expediente nº 48/78, poniendo por cabeza del mismo, copia de acuerdo del Jurado Provincial y la documentación aportada.

RESULTANDO.- Que con fecha 5 de mayo de 1978, se dió providencia, acordando requerir al ayuntamiento de Bóveda, para que aportara:

a) Certificación del Registro de la Propiedad, relativa a la inscripción del monte "DE RUBIAN", de 44 Ha, sito en la parroquia de Rubian, b) Certificación del Inventario de Bienes Municipales relativa al monte "DE RUBIAN", c) Certificación del acuerdo municipal relativa al Consorcio con la Administración Forestal, para la repoblación de dicho monte.

RESULTANDO.- Que con fecha 5 de mayo de 1978, se acordó recabar de la Administración Forestal I.C.O.N.A., certificación relativa a si el monte "DE RUBIAN" figura incluido en el Catálogo de los de Utilidad Pública de la provincia de Lugo.

RESULTANDO.- Que con fecha 5 de mayo de 1978, se remitió edicto al ayuntamiento de Bóveda, poniendo en conocimiento de todos los interesados la incoación del presente expediente de clasificación, a fin de que pudieran comparecer e intervenir en él, en defensa de sus derechos e intereses.

RESULTANDO.- Que con fecha 12 de julio de 1978, se recibió certificación del Instituto Nacional para la Conservación de la Naturaleza, en la que consta que el monte "DE RUBIAN", sito en la parroquia de Rubian, ayuntamiento de Bóveda, no forma parte de monte alguno de los del Catálogo de Utilidad Pública de la provincia de Lugo.

RESULTANDO.- Que con fecha 19 de junio de 1978, se recibió certificación del ayuntamiento de Bóveda, en la que consta que en el inventario de Bienes Municipales de este ayuntamiento aparecen comprendidos los siguientes montes de la parroquia de Rubian:

"PENEDOS"; "VALDESTREMEIRA", "MOTE REDONDO"; "REGA DACAL"; FONTELO; Y "AGUAS VERTIENTES PENALBA", monte denominando "POSTE".

RESULTANDO.- Que con fecha 19 de junio de 1978, se recibió certificación del ayuntamiento de Bóveda, en la que consta, que en el edicto permaneció expuesto al público en el tablón de anuncios durante el tiempo correspondiente.

RESULTANDO.- Que en el expediente de investigación que figura unido en cuerda floja consta que en el caso presente no hicieron declaración alguna los vecinos interesados.

RESULTANDO.- No se recibió ninguna reclamación contra la clasificación del citado monte.

RESULTANDO.- Que en el cumplimiento del acuerdo del Jurado, de fecha 30 de octubre de 1978, en el apartado 12 se requirió al ayuntamiento de Bóveda, para que ampliara información sobre el verdadero nombre y delimitación de los montes.

RESULTANDO.- Se recibió escrito del Sr. Alcalde de Bóveda, fecha 18 de octubre de 1979, en el que dice que los nombres de los montes de la parroquia de Rubian, de 44 Ha, son:

"TESO", "POSTE", "COSTA O MEXACAS", "PENEDOS Y SIERRA DE RUBIAN (que se compone de Fontelo, Valestremera, Valellos, Cal y Pico). Se calcula su extensión en más de 44 Ha.

cumplido los trámites y formalidades que establece la Ley de Montes Vecinales en mano común de 27 de julio de 1968 y su Reglamento de 26 de febrero de 1970, así como la Ley de Procedimiento Administrativo de 17 de Julio de 1958.

Vistas las citadas Leyes y Reglamento y disposiciones de pertinente aplicación.

CONSIDERANDO.- Que el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, tiene competencia y jurisdicción para conocer del expediente el cual fué promovido por la Administración Forestal con capacidad y legitimación para ello, habiéndose formulado la iniciación y tramitación del expediente en lugar, forma y tiempo, todo ello a tenor de lo dispuesto en los artículos 10 y 11 de la Ley de Montes Vecinales en Mano Común, y 10 y 18 de su Reglamento.

CONSIDERANDO.- Que para determinar si un monte merece la calificación de vecinal en mano común, se hace preciso concretar si en el mismo concurren los requisitos reales que establecen la Ley de Montes Vecinales en Mano Común de su artículo 1º, así como el artículo 1º de su Reglamento a saber:

a) Que su pertenencia está atribuida a determinados vecinos agrupados en aldeas, lugares y parroquias, en calidad de tales, en proindivisión con independencia de su origen en comunidad germánica o mano común, b) Que tal comunidad de vecinos no está constituida formalmente en entidad municipal.

CONSIDERANDO.- Que el monte "DE RUBIAN", está perfectamente identificado tanto por el ayuntamiento de Bóveda, como por la Administración Forestal, y en tal concepto fué consorciado asimismo fué identificado por los vecinos que comparecieron en el expediente de investigación unido, los cuales se consideran con derecho a los aprovechamientos que sobre el citado monte pueden obtenerse a partes iguales.

CONSIDERANDO.- Que cualquiera que hubiese sido la propiedad de monte en tiempos remotos los efectos de la prescripción extraordinaria, regulada por el artículo 1.959 del Código Civil, legitiman la titularidad de los actuales aprovechadores.

Este Jurado Provincial a la vista de los antecedentes y consideraciones reseñadas ha acordado:

1º.- Clasificar el monte "TESO, POSTE, COSTA O MEXACAS, PENEDOS Y SIERRA DE RUBIAN," (que se compone de Fontelo, Valestremera, Valellos, Cal y Pico), como se describe en el expediente nº 48/78, como monte vecinal en mano común, perteneciente a los vecinos de la parroquia de Rubian, ayuntamiento de Bóveda.

2º.- Que se emita certificación de la resolución firme de este Jurado al Registrador de la Propiedad, para la inscripción del monte a nombre de la comunidad titular del mismo, atenor de lo dispuesto en el apartado a) del artículo 30 del Reglamento de Montes Vecinales en Mano Común.

[Handwritten signatures and stamps are present over the bottom half of the document, including a large signature that appears to read 'Comptatputat' and several official stamps.]

DON LUIS QUIROGA ARNAL, XEFE DO SERVIZO TÉCNICO-XURÍDICO DA DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, SECRETARIO DO XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE LUGO,

C E R T I F I C A :

Que na sesión celebrada polo Xurado Provincial coa data do **catorce de decembro de mil novecentos noventa e nove**, figura o acordo seguinte:

<< 6º.- Asuntos varios:

(...)

a) Monte: " DE RUBIÁN " (expediente 48/1978), ubicado na parroquia de RUBIÁN (San Fiz) do concello de BÓVEDA. Comprobada a existencia dun erro na información facilitada polo concello de BÓVEDA, recibida durante a tramitación do expediente, e na que se facilitan como nomes dos montes da parroquia de RUBIÁN os de: " TESO, POSTE, COSTA Ó MEXACAS, PENEDOS e SERRA DE RUBIÁN ", resultando que estes non se corresponden cos montes da parroquia de RUBIÁN (San Fiz), tal e como figuran no expediente de investigación previa (carpeta-ficha), e que foi obxecto do acordo de iniciación do procedemento, senón que se refiren ós da parroquia de RUBIÁN (Santiago). O Xurado ACORDA por unanimidade corrixi-la resolución recaída coa data do dezasete de decembro de mil novecentos setenta e nove, no sentido de CLASIFICAR os montes " DE RUBIÁN ", como se describe no expediente 48/1978, pertencentes ós veciños da parroquia de RUBIÁN (San Fiz), do concello de BÓVEDA. >>

(...)

E para que conste, para a súa incorporación ó expediente 48/78, expido a presente co V. e Pr. do Sr. Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente, Presidente do Xurado, en Lugo, a dezasete de xullo do dous mil. -----

V. e Pr.

O DELEGADO PROVINCIAL-PRESIDENTE DO XURADO,



Asdo: Luis González Vázquez.



CLAVE DEL MONTE

Prov.*	Munic.*	Comunidad Prog.*	N.º monte
LU	8	8	1

• 3.- ESTADO FISICO

Ref.* Índice

3.1 SITUACION. ALTITUD. ACCESOS.

Estos montes de la parroquia de S. Pedro Felix de RUBIAN están situados en la esquina N.O. del término parroquial, formados por dos lomas a ambos lados del arroyo Remisquedo, que bajan hacia el S.E. desde los límites con la parroquia de Villarbuján, cruzan el ferrocarril y llegan a las proximidades del pueblo de Eimer.

El terreno es relativamente accidentado, con pendientes bastante fuertes, y altitudes comprendidas entre los 450 y 550 m.

Los únicos accesos directos son los caminos de servicio desde los pueblos.

3.2 SUPERFICIE.

En conjunto, 44 Has., obtenidas mediante planimetrado sobre 1/25.000.

3.3 LINDEROS.

N.- Montes de la parroquia de Villarbuján y término municipal de Incio.


E.S. y O.- Fincas particulares.

3.4 DESCRIPCION DEL PERIMETRO=

El único límite destacable de estos montes de

Prov.*	Munic.*	Consolidad Prop.*	N° monte
LU	8	8	1

Ref * Índice	CLAVE DEL MONTE
*** 3.4	la parroquia de S. Pedro Felix de RUBIAN es por el N.O. con montes de la parroquia de Villarbuján, primero bajando por el camino de Villarbuján a cruzar el Rego Remisquedo y después subiendo por una pequeña loma al límite con término municipal de Incio.
3.5	OBSERVACION SOBRE LIMITE CON FINCAS PARTICULARES El límite de estos montes de la parroquia de S. Felix de RUBIAN con fincas particulares no puede ser muy preciso si se tiene en cuenta que éstas han invadido terrenos de monte que han sido parcelados. Se ha llegado con los límites de éste hasta donde existe seguridad o duda razonable de que pueda pertenecer al monte de referencia. En caso de que este monte llegara a ser calificado como vecinal en mano común, tal vez fuera necesario un deslinde parcial en tal colindancia con particulares, siguiendo los criterios tenidos en cuenta en tal calificación.





XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 8/2015

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

D. José Ramón Losada Fernández

VOGAIS:

D. Ramón Rozadillas Valverde

Dña. Josefina Pereira de la Riera

D. José Antonio Rojo Fernández

SECRETARIA:

Dña. Lucía Belver Quiroga

Na cidade de Lugo, o día 27 de xuño de 2016, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na sala de xuntas da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN**: Visto no día da data o expediente número 8/2015 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **DE RUBIÁN SAN FIZ (AMPLIACION)**, no concello de **BÓVEDA**, iniciado por acordo do xurado do 30 de xuño de 2015, sendo vogal instrutor **D. RAMON ROZADILLAS VALVERDE**, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vogal instrutor (17-9-2015), iníciase o expediente **8/2015 (a instancia de Luis Díaz Castro, como representante da comunidade de Rubián San Fiz)** e ponse, como encabezamento, a certificación da acta da sesión do xurado na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vogal instrutor.

SEGUNDO: O día 17-9-2015 solicítase ao Servizo de Montes, da Xefatura Territorial da Consellería do medio Rural, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **Lugo**.

TERCEIRO: O día 21-9-2015 recíbese un certificado do Servizo de montes, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, no que consta que o monte **RUBIÁN SAN FIZ (AMPLIACIÓN)** non figura incluído no catálogo dos de utilidade Pública da provincia de **Lugo**.

CUARTO: O día 22-9-2015 solicítanselle os seguintes documentos ao **Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos**:

- Certificación dos asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión, con indicación do nome das perosas a favor das que estea inscrito, título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase, inscritas ou anotadas, e que estean vixentes na actualidade, segundo os asentos
- Certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

QUINTO: O día 1-2-2106 o Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos comunica que os datos non son



suficientes para a correcta identificación da parcela e, en todo caso, que os datos non son coincidentes con ningún predio que xa conste rexistrado.

SEXTO: O día 12-2-2016 comunícase ao **Servizo de Montes**, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, a iniciación do expediente.

SÉTIMO: O día 12-2-2016 comunícase ao **Concello de Bóveda** a iniciación do expediente e envíase un **EDICTO** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia aos que pertence o monte.

OITAVO: O día 12-2-2016 comunícase a iniciación do expediente a **Luis Díaz Castro**, como solicitante da clasificación.

NOVENO: O día 12-2-2016 comunícase a iniciación do expediente ao **Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos** e solicítase a **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

DÉCIMO: O día 15-2-2016 envíase un **ANUNCIO** para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE) ca finalidade de comunicar a todas as persoas interesadas a iniciación do expediente e así poidan comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

DÉCIMO PRIMEIRO: O día 25-2-2016 aparece publicado o **EDICTO** no **DOG** número 38, páxina 7115, mediante o que se publica a iniciación do expediente de clasificación do monte **RUBIÁN SAN FIZ (AMPLIACIÓN)**

DÉCIMO SEGUNDO: O día 29-2-2016 aparece publicado o **EDICTO** no **BOE** número 51, no Suplemento de Notificacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRO: Con data 7-4-2016 o Concello de Bóveda emite un certificado conforme o edicto estivo exposto durante trinta días contados dende o 13-2-2106.

DÉCIMO CUARTO: O día 29-4-2016 recíbese comunicación do Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos na que indica que procedeu á **anotación preventiva** solicitada.

DÉCIMO QUINTO: O día 26-5-2016 comunícaselle ao representante da comunidade de Rubián San Fiz o dereito da comunidade á elección de dúas persoas que poderán asistir (con voz pero sen voto) ás reunións do xurado, nas que se estude o expediente do monte **RUBIÁN SAN FIZ (AMPLIACIÓN)**.

DÉCIMO SEXTO: O día 10-6-2016 é presentada a comunicación dos vogais representantes da comunidade de Rubián San Fiz para a reunión do xurado. Resultaron elixidos: **Luís Díaz Castro e Javier Vázquez Taboada**

DÉCIMO SÉTIMO: Non se recibiron alegacións durante a tramitación do expediente.

FUNDAMENTO DE DEREITO

1. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñecer o expediente. Esta competencia élle atribuída polo artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.



2. De acordo co artigo 1º da devandita lei, son montes veciñais en man común os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen á agrupacións veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.
3. Examinada a documentación do presente expediente, e posto que non constan alegacións en contra da clasificación, cabe manter o comprobado no estudo previo, realizado polo Servizo de Montes coa elaboración da carpeta-ficha, e aceptar a proposta do instrutor.

Atendendo, ao tipo de aproveitamento comunitario que presenta, considérase que o monte de **RUBIÁN SAN FIZ (AMPLIACION)** reviste o carácter de veciñal en man común, conforme ao disposto no artigo 1 da devandita lei.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, **RESOLVE:**

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte coas seguintes características:

Nome: **RUBIÁN SAN FIZ (AMPLIACIÓN)**

Pertenza: veciños/as da **parroquia de RUBIÁN SAN FIZ**

Parroquia: **SAN FIZ DE RUBIÁN**

Concello: **BÓVEDA**

Superficie: **34,19 hectáreas**

Estremas:

Polígono 21, parcela 416:

Norte: Parcelas 192, 194, 195, 196, 198, 201, 202, 204 e 425 do polígono 21.

Sur: 9024 do polígono 21.

Leste: Parcela 9032 Estrada de Calvos a O Incio, camiño,

Oeste: Parcelas 161,191 do polígono 21..

Polígono 21, Parcela 413:

Norte: Parcelas 367, do polígono 21, 645 do polígono 9 no concello do Incio,

Sur: Parcela 9021, do polígono 21 (camiño).*

Leste: Parcelas 9019 e 9032 do polígono 21 (camiños),

Oeste: Parcelas 425, 373, 375, 458, 376, 377, 378,369, 368, 298, 251, 250, 366, 411, 367 do polígono 21.



Polígono 21, Parcela 295:

Norte: Parcelas 272, 271, 270, 269, 268, 267, 296 e 297 do polígono 21.

Sur: Parcelas 206 e 208 do polígono 21.

Leste: Parcela 298 do polígono 21,

Oeste: Parcelas 209, 291, 292, 293, 294, 283, e 281 do polígono 21.

Polígono 21, Parcela 412:

Norte: Parcelas 645 do polígono 9 no concello do Incio.

Sur: Parcelas 367 e 411 do polígono 21.

Leste: Polígono 9 parcela 645 Serra de Abeceira, O Incio (Lugo).

Oeste: Parcelas 311, 332, 334, 423, 335, 336, 337, 338, 340, 341, 342, 343, 349, 446 e 366 do polígono 21.

Polígono 21, Parcela 410:

Norte: Polígono 21, parcela 416.

Sur: Polígono 21, parcela 416.

Leste: Polígono 21, parcela 416.

Oeste: Polígono 21, parcela 151.

Como consecuencia desta ampliación, o monte de **RUIÁN SAN FIZ** pasa a medir **121,985 hectáreas**.





Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **18 de novembro de 2016**, figura o seguinte acordo:

<<Monte DE SAN FIZ DE RUBIÁN (AMPLIACIÓN) (expediente 8/2015), ubicado no concello de BÓVEDA. Clasificado por resolución do Xurado na sesión celebrada con data 27 de xuño de 2016. Con data 25/10/2016, emítese informe polo Servizo de Montes no que se expresa que se detectou un erro na superficie computada, xa que a superficie previa á ampliación indicouse no expediente de investigación que era de 87,79 ha que unido ás 34,19 obxecto de ampliación, sumaban un total de 121,98 ha. Porén a superficie inicial era realmente de 43,90 ha, que unido ás 34,2 solicitadas computarían 78,10 ha. O artigo 109.2 da lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que "as Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos". En vista do anterior, o Xurado **ACORDA**, por unanimidade, **proceder a corrixir a superficie total**, pasando a ter o monte unha superficie de **78,1 ha** tal e como se amosa nos planos achegados á memoria elaborada polo Servizo de Montes.>>


Para que conste, expido este certificado co visto e praxe do xefe territorial da Consellería do Medio Rural, presidente do xurado.


Lugo, 23 de novembro de 2016



V. e pr.
O xefe territorial
Presidente do xurado

José Ramón Losada Fernández.





**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
Departamento Territorial de Lugo
Servizo de Montes

galicia

Plano de:
Ampliación do MVMC de Rubián, San Fiz, no
concello de Bóveda (exp 48/78)

Monte: MVMC de Rubián
Pertenza Parroquia de San Fiz de Rubián
Superficie previa 43,90 Ha
Superficie ampliada 34,20 Ha
Superficie total 78,10 Ha

Municipio: Bóveda

Escala: 1:10.000

Plano 3. Ampliación solicitada
(catastro)



O xefe de área
Lugo, 25 de outubro de 2016
Santiago Fraga Sáenz
Enxeñeiro de Montes

Monte_ampliado

Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89



Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:


Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **8 de novembro de 2018**, figura o seguinte acordo:

Monte PENALBA E ALBERÍO, PICO, CASTRO DE REI E ESCACHELADA, GRAMEA, CRICHAL, SERRA DA EIREITA E CHÁ (expediente 52/78), pertencente aos veciños da parroquia de VILARBUXÁN, e monte DE RUBIÁN (expedientes 48/78 e 8/2015), pertencente aos veciños da parroquia de RUBIÁN, ambos no termo municipal de BÓVEDA. O día 4 de xuño de 2018, ten rexistro de entrada un escrito de José Manuel Rodríguez Rodríguez, como presidente da comunidade de Vilarbuxán, achegando un acordo de deslindamento de avinza practicado entre estas comunidades, en canto ás liñas divisorias que separan os dous montes, aprobado mediante acto conciliatorio celebrado o 25 de maio de 2018, perante o Xulgado de Paz de Bóveda; xuntan acta do deslindamento, planos topográficos, acta de conciliación levantada no Xulgado e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas. Dado traslado do devandito deslindamento ao Servizo de Montes, o 10 de xullo de 2018 emite un informe (núm. 53/18) no que se especifican as modificacións de superficie que se producen como consecuencia da avinza. O monte PENALBA E ALBERÍO, PICO, CASTRO DE REI E ESCACHELADA, GRAMEA, CRICHAL, SERRA DA EIREITA E CHÁ queda cunha superficie final de 83 hectáreas (tendo en conta a avinza practicada con Cervela), e o monte DE RUBIÁN, cunha superficie de 99 hectáreas. Examinada a documentación presentada, o Xurado, por unanimidade, ACORDA aprobar o deslindamento por avinza practicado, e proceder ás oportunas modificacións nos expedientes respectivos.

Para que conste, expido este certificado co visto e prace da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.

ag)








**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Xefatura Territorial de Lugo
Servizo de Montes



Plano de:
Deslinde por avinza entre os montes veciñais
en man común de Vilarbuxán (exp 52/78) e
de Rubián (exp 48/78 - 8/2015)

Monte: Penalba e Alberio, Pico, Castro de Rai e
Escachelada, Gramea, Crichal, Serra da
Eireita e Cha
Pertenza: Veciños de Vilarbuxán
Concello: Bóveda
Superficie previa: 104 ha
Superficie posterior: 83 ha

Monte: Rubián
Pertenza: Veciños de Rubián
Concello: Bóveda
Superficie previa: 78,10 ha
Superficie posterior: 99 ha

Escala: 1:12.000

PLANO 5: MONTE POSTERIOR
AO DESLINDE

Visto e prace
Oxefe do Servizo de Montes

A enxeñeira técnica en topografía
Lugo, 10 de xullo de 2016

48_78-8_2015_Rubián_posterior

Limite termo municipal_IGN

Liña avinza Vilarbuxán-Rubián



Carlos Vázquez Díaz



Sonia Villaverde Vieites

PNOA cedido por © Instituto Geográfico Nacional de España
ed. B. M. 10/2015

A Abelleira

Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **30.10.2024**, figura o seguinte acordo:

Como consecuencia da entrada en vigor da Lei 7/2012 de montes de Galicia, e coa finalidade de levar a cabo o establecido na Disposición transitoria décimo terceira, con respecto á revisión de esbozos de montes veciñais en man común, o xurado, na reunión celebrada o 17.09.2012, acordou solicitar do Servizo de Montes a realización de propostas de revisión e elaboración de cartografías actualizadas dos montes veciñais da provincia susceptibles de tal adecuación.

MVMC **Rubián** (exp. 48/78-8/2015), pertencente aos veciños da parroquia de Rubián San Fiz, concello de **Bóveda**.

O 27.9.2022 tivo entrada unha solicitude da comunidade de Rubián San Fiz para que se proceda á revisión do esbozo do seu monte veciñal conforme á proposta que achegan. Tras serlles requirido, o 30.7.2024 presentaron a emenda da solicitude. Procedemento con número de expediente **2022_159**.

O 5.8.2024, o Servizo de Montes elaborou un informe no que se recolle a definición do esbozo revisado. De acordo coa cartografía resultante, a superficie do monte de **Rubián** pasa a ser de **175,60 hectáreas**.

Examinada a devandita proposta, o xurado, por unanimidade, ACORDA aceptala e proceder á incorporación do novo esbozo ao expediente.

Para que conste, para a súa remisión á **parte interesada**, e sen prexuízo da ulterior aprobación da acta da sesión á que se fai referencia, expido este certificado co visto e praxe da presidenta do xurado.

Lugo, data da sinatura electrónica

A secretaria do xurado
Lucía Belver Quiroga


Visto e praxe
A presidenta do xurado
M^a Olga Iglesias Fontal



Asinado por: GONZALEZ FERNANDEZ, MANUEL
Cargo: Xefe Servizo
Data e hora: 05/08/2024 12:19:30

Asinado por: FERNANDEZ CABANAS, JOSE MARIA
Cargo: O enxeñeiro técnico forestal
Data e hora: 05/08/2024 11:19:12

CVE: 5vDfGowqEIL2
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Xefatura Territorial de Lugo
Servizo de Montes

Plano de:	Monte:	MVMC "Rubián"
Revisión de esbozo do MVMC	Pertenza:	CMVMC Rubián San Fiz
"Rubián" (exp. 48/78 e 8/2015)	Concello:	Bóveda
<i>Carpeta 2022_159</i>	Sup. previa:	99 ha
	Sup. revisada:	175,60 ha

Escala: 1:15.000	PLANO 2: MONTE REVISADO	Visto e prace O xefe do Servizo de Montes	O enxeñeiro técnico forestal Lugo, na data da sinatura dixital
48/78 e 8/2015 Monte revisado		Manuel González Fernández	José María Fernández Cabanas

ETRS89 - UTM 29N 623000 623500 624000 624500 625000 625500 626000 626500



Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **18.3.2025**, figura o seguinte acordo:

O MVMC **de Rubián** (exp. 48/78-8/2015), pertencente aos veciños da parroquia de San Fiz de Rubián; e MVMC **Mexacas, Poste, Teso, Penedo, Serra de Rubián e Devesela** (exp. 3/2009), pertencente aos veciños da parroquia de Santiago de Rubián. Ambos montes no concello de **Bóveda**.

O 29.9.2022 foi presentada unha solicitude relativa ao acordo de deslindamento levado a cabo por avinza entre as citadas comunidades, en canto á liña divisoria que separa os seus montes veciñais. Aportan acta de deslindamento, planos topográficos, acta de conciliación e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas. Procedemento con número de expediente **2022_258**.

O 24.9.2024, o Servizo de Montes emitiu un informe no que se recollen as modificacións que se producen como consecuencia do deslindamento acordado e se especifican as seguintes superficies resultantes:

MVMC **Rubián**: 187,46 hectáreas.

MVMC **Mexacas, Poste, Teso, Penedo, S^a Rubián e Devesela**: 52,56 hectáreas.

Examinada a documentación presentada, o xurado, por unanimidade, ACORDA aprobar o deslindamento practicado e proceder ás oportunas modificacións nos respectivos expedientes.

Lugo, data da sinatura electrónica

A secretaria do xurado
Lucía Belver Quiroga

Visto e prace
A presidenta do xurado
M^a Olga Iglesias Fontal





Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **23.6.2025**, figura o seguinte acordo:

MVMC Rubián (exp. 48/78_8/2015), pertencente aos veciños de San Fiz de Rubián; **MVMC Mexacas, Poste, Teso, Penedo, Serra de Rubián e Devesela** (exp. 3/2009), pertencente aos veciños de Santiago de Rubián. Ambos montes do concello de **Bóveda**.

Na sesión celebrada o 18.3.2025, o xurado acordou aprobar o deslindamentos entre os citados montes, de conformidade co procedemento regulado no artigo 53 da Lei 7/2012, de montes de Galicia.

Posteriormente, o día 17.6.2025 o Servizo de Montes elaborou un novo informe (nº 2022_258) no que se recolle a corrección dun erro, derivado de que non se tivo en conta na cartografía de partida do expediente de deslindamento o límite aprobado polo Xurado o 30.10.2024 do expediente de revisión de esbozo do monte de Rubián. Igualmente, non se axustaron os límites do monte de Mexacas e outros ao límite da liña da avinza.

De acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, as Administracións Pública poderán rectificar, en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Procede facer a corrección sinalada, coa incorporación dunha nova cartografía e cos seguintes valores de superficie resultante:

- **MVMC Rubián:** 185,31 ha.
- **MVMC Mexacas, Poste, Teso, Penedo, Serra de Rubián e Devesela:** 53,1 ha.

Examinada a devandita corrección, o xurado, por unanimidade, ACORDA aprobala e proceder a realizar ás oportunas modificacións nos respectivos expedientes.


Lugo, data da sinatura electrónica

A secretaria do xurado
Lucía Belver Quiroga

Visto e prace
A presidenta do xurado
M^a Olga Iglesias Fontal

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO
XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN DE MVMC
Ronda Muralla, 70
27071 Lugo
T. 982 889 256





**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Xefatura Territorial de Lugo
Servizo de Montes

Bóveda_48/78_8/2015_3/2009_2022_258

Corrección de erros do deslinde entre os mvms de Rubián (EXP. 48/78_8/2015) e o de Mexacas, Teso, Penedo, Serra de Rubián e Devesela (Exp 3/2009)

Monte: **Rubián**

Pertenza **San Fiz de Rubián**

Superficie previa **187,46** ha

Superficie posterior **185,31** ha

Monte: **Mexacas e outros**

Pertenza **Santiago de Rubián**

Superficie previa **52,55** ha

Superficie posterior **53,1** ha

Municipio: **Bóveda**

Escala: 1:17,000

Plano 2: Situación posterior á corrección

● 3950_Linea (2)

— 3950_Linea (1)

■ Mexacas_post

■ Rubian_post

Visto e prace
O xefe de Servizo

(asinado dixitalmente)

O xefe de área

(asinado dixitalmente)

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código:

CVE: gGGr8qHf1 Verificación

Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89